

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA "ADESTRAR SEN PANTALLAS, GAÑAR EN SAÚDE".

En Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2025.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola ley 11/1988, de 20 de outubro e pola lei 12/2007, de 27 de xullo de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024 do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e no establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

Doutra, D. Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola ley 11/1988, de 20 de outubro e pola lei 12/2007, de 27 de xullo, de conformidade co Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e no establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

E, doutra parte, D. Manuel Antonio Couceiro Cachaldora, en nome e representación da Fundación Galega contra o Narcotráfico (en diante FGCN), con NIF G36242071, na súa condición de presidente da entidade, no exercicio das funcións recollidas no seu estatuto.



As partes que interveñen recoñécense reciprocamente a plena capacidade xurídica e de obrar, así como a representación que respectivamente ostentan, asegurando que continúan vixentes nesta data os seus respectivos apoderamentos, e que teñen atribuídas as facultades suficientes para obrigarse, polo que, para ese efecto

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública ten entre os seus obxectivos a prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

Segundo.- Que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través da Secretaría xeral para o Deporte ten entre os seus obxectivos os seguintes:

- a) A promoción e a difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.
- b) A elaboración de plans e programas relacionados co ámbito deportivo non competitivo, especialmente relativos á promoción da actividade física no conxunto da sociedade e ao desenvolvemento das funcionalidades económica, social e educativa do deporte.
- c) A dinamización do deporte como ferramenta da saúde e desenvolvemento social, así como na transmisión de valores, disciplina, e hábitos saudables, o que inclúe o uso responsable da tecnoloxía.

Terceiro.- Que a FGCN é unha organización independente e sen ánimo de lucro que ten por obxecto a loita contra o tráfico ilícito de drogas e as súas consecuencias. Constituída a partir da Plataforma Galega contra o Narcotráfico, que iniciou a súa actividade como tal en 1994, a Fundación integra no seu seo unha ampla representación dos distintos estamentos sociais, entidades e institucións unidas pola



vocación e o compromiso de combater o narcotráfico e as graves consecuencias sanitarias, sociais, humanas e económicas que orixina na nosa sociedade.

O obxectivo principal da FGCN é contribuír ao logro dunha redución substancial das adiccións e tráfico de drogas na nosa sociedade, apoiándose para iso en estratexias de prevención de Adiccións, reintegración social das persoas afectadas, loita contra o narcotráfico (principalmente desde o ámbito legal, económico e xudicial) e sensibilización social.

Cuarto.- Que a Consellería de Sanidade, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a FGCN desexan colaborar, mediante o establecemento de accións conxuntas, para o desenvolvemento do programa "Adestrar sen pantallas, gañar en saúde".

Quinto.- O presente convenio rexerase polo establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Sexto.- O convenio atende ao establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, cumprindo cos requisitos de validez e eficacia, determinándose, entre outras cuestións, que a subscripción deste convenio non supón a cesión da titularidade de competencias, e mellora a eficiencia da xestión pública e a utilización conxunta de medios e servizos públicos contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública.

As partes, considerando que teñen uns obxectivos comúns, deciden unir os seus esforzos e acordan subscribir o presente convenio a fin de mellorar os seus respectivos cometidos, para o cal formalizan o presente documento de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é a realización de accións conxuntas, para o desenvolvemento do programa "Adestrar sen pantallas, gañar en saúde"



SEGUNDA.- Obxectivos específicos

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente Convenio, realizaranse as seguintes actuacións:

- a) Promover dende o deporte de base unha maior sensibilización social sobre a necesidade dun uso saudable das pantallas na infancia e na adolescencia, instando ás familias e á comunidade a tomar conciencia e a fomentar a práctica deportiva e a actividade física como alternativa de ocio saudable e desenvolvemento integral.
- b) Promover dende a figura de adestradores/as e monitores/as deportivos (dotados da formación oportuna), pautas concretas para a promoción de dito uso saudable.
- c) Favorecer a detección precoz e a prevención das novas formas de adicción entre os menores, nomeadamente o uso compulsivo de Internet e as Redes Sociais ou a posible adicción aos videoxogos.
- d) Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais, emocionais e físicas a través da práctica deportiva, como contrapunto ao sedentarismo e ao uso excesivo de pantallas.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO TRABALLO

Para o correcto seguimento do *Proxecto* os interlocutores válidos serán:

Dende a FGCN, o xerente como coordinador do proxecto ou persoa en quen delegue o presidente da devandita fundación, dende a Consellería de Sanidade, o/a xefe do servizo que, por razón da materia, estea vinculado á actividade de prevención de condutas adictivas ou persoa en quen delegue o/a subdirector/a en materia de estilos de vida saudables e dende a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes o/a subdirector/a en materia de plans e programas deportivos ou a persoa en quen delegue.

Desde o punto de vista científico-técnico, os materiais didácticos e formación acerca



do programa "Adestrar sen pantallas, gañar en saúde" serán desenvolvidos pola FGCN en colaboración co Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

CUARTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para os efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a FGCN, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento presidida pola persoa que exerza o cargo de Director/a Xeral de Saúde Pública, ou persoa en quen delegue.

Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Así mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir no desenvolvemento e execución do presente convenio.

A súa composición será a seguinte:

Pola Consellería de Sanidade:

- O/A Director/a de Saúde Pública que presidirá as reunións desta Comisión, ou persoa en quen delegue.

Pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

- O/A Secretario/a xeral para o deporte, ou persoa en quen delegue.

Pola FGCN:

- O/A presidente/a da FGCN, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a o/a xefe/a de servizo que, por razón da materia, estea vinculado á actividade de prevención de condutas adictivas.

A totalidade dos integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto



nas deliberacións e adopción de acordos.

O réxime de funcionamento interno da Comisión será o que resulte aplicable pola normativa básica dos órganos colexiados de carácter administrativo.

Corresponderá á Comisión mixta de Seguimento:

- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades-programadas.
- Promover e autorizar a intervención doutras entidades que desexen colaborar neste proxecto en temas de interese común que favorezan a consecución dos seus obxectivos.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada con este proxecto.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio de colaboración.

QUINTA.- Actividades a realizar

Cada actividade realizarase de acordo cos termos e condicións que se contemplan no correspondente programa (Anexo 1).

SEXTA.- Obrigas da Consellería de Sanidade

A Consellería de Sanidade financiará a implementación da fase de pilotaxe do programa "Adestrar sen pantallas. Gaña en saúde" (22.200,00 €, IVE incluído), que se abonarán de acordo co establecido na cláusula novena.

En todo caso a achega da Consellería de Sanidade concrétase exclusivamente no pagamento da cantidade indicada, polo que non será esixible calquera outra obriga económica, nin fiscal, nin laboral.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade:



- Facilitará información sobre recursos, medios e programas específicos que poidan ser de interese para o desenvolvemento das diferentes actividades.
- Difundirá a participación e colaboración das entidades participantes no convenio en todas as actividades que se realicen no marco da investigación.

SÉTIMA.-Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

- Cooperará a través da Escola Galega do Deporte mediante a posta a disposición dos medios para poder realizar a formación presencial nas dependencias da Secretaría Xeral para o Deporte e/ou na Escola Galega de Administración pública /on line dos/das adestradores/as deportivos/as.
- Impulsar a adhesión de federacións deportivas, clubs, agrupacións deportivas escolares e outras entidades do ámbito deportivo galego ao programa "Adestrar sen pantallas, gañar en saúde", fomentando a súa participación activa e a implementación das pautas nas súas rutinas de adestramento e competición.
- Estudar a inclusión dos principios e contidos do programa nas actividades e programas deportivos xa existentes da Secretaría Xeral para o Deporte, como programas de deporte escolar ou campañas de fomento da actividade física.
- Difundirá a participación e colaboración das entidades deportivas participantes no convenio en todas as actividades que se realicen no marco da investigación.

OITAVA.-Obrigas de FGCN

- Será a responsable da xestión económica dos fondos correspondentes á programa, así como da coordinación das actividades e execución e xustificación dos gastos, de acordo coas normas e procedementos propios e a normativa xeral vixente.

NOVENA.- Xestión económica e pagamento.

A FGCN xestionará os recursos procedentes da Consellería de Sanidade, así como



calquera outros fondos que obteña por outras fontes para o mesmo obxecto.

A xestión económica destes fondos realizarase de acordo coas orientacións dos seus órganos responsables-e a Comisión Mixta de Seguimento.

Para o financiamento do convenio prevese un crédito de vinte e dous mil douscentos euros (22.200,00 €, IVE incluído), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 12.02.413A.640.0 (código de proxecto 201500455) dos orzamentos da Consellería de Sanidade - Dirección Xeral de Saúde Pública para os anos 2025 e 2026.

En ningún caso poderá cubrir actuacións realizadas con anterioridade á sinatura do presente convenio.

O pagamento realizarase do seguinte xeito en dúas anualidades:

- **Ano 2025: 10.000,00 €**

O pagamento do ano 2025 realizarase logo da presentación da factura correspondente. Esta factura será acompañada por unha memoria na que se recollan as actividades realizadas en 2025. Deberá presentarse antes do 20 de decembro de 2025.

- **Ano 2026: 12.200,00 €**

O pagamento do ano 2026 realizarase logo da presentación da factura correspondente. Esta factura será acompañada por unha memoria na que se recollan as actividades realizadas en 2026. Deberá presentarse 10 días antes da data de remate da vixencia do convenio e, en todo caso, non mais tarde do 15 de decembro de 2026.

A estas cantidades engadiranse, no seu caso, as que poidan achegarse por calquera outra fonte de financiamento adicional.

DÉCIMA.- Confidencialidade e difusión das actividades.

As partes comprométense a non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, ou de organización interna pertencente á outra parte, á que puidese ter acceso na execución deste convenio, agás que esas informacións sexan de dominio público.



As partes, de mutuo acordo, acordarán as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das actividades programadas.

En todas as comunicacións públicas relativas a este programa , en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre a FGCN, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (a través da Secretaría Xeral para o Deporte) e a Consellería de Sanidade.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Dereitos de propiedade Intelectual e Industrial.

Os dereitos de Propiedade Intelectual que puidesen desenvolverse durante a execución do exercicio das actividades neste convenio pertencerán á parte que crea a obra, e en todas as publicacións se citarán as autorías.

A FGCN e a Xunta de Galicia compartirán os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública das obras creadas na execución das actividades deste convenio, circunscritos ao territorio de Galicia. Non se entenderá cedido á Xunta de Galicia ningún outro dereito nin a outro territorio ou xurisdición. Para clarificar, o dereito de transformación da obra non está cedido á Xunta de Galicia polo presente Convenio.

Os dereitos de propiedade industrial que puidesen desenvolverse durante a execución do exercicio das actividades neste convenio pertencerán á Parte que xere a invención, o signo distintivo ou o deseño. A inventoría ou autoría citarase en todas as publicacións. As Partes suscribirán un acordo explícito de explotación deses dereitos no seu caso.

DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia dun ano, podendo ser renovado por acordo expreso por unha duración máxima de dous anos, respectando os límites previstos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



DÉCIMO TERCEIRA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos Arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos e calquera outras especificacións referidos ao presente convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste convenio de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos e Publicidade do convenio

A FGCN, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Sanidade respectarán todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Xeral de Protección de Datos.

A información sobre protección de datos da Consellería de Sanidade poderá solicitarse no enderezo electrónico: Delegado.Proteccion.Datos@sergas.es.

DÉCIMO QUINTA.- Modificación do Convenio.

As modificacións a este convenio articularanse de mutuo acordo, mediante a sinatura da correspondente addenda. A modificación requirirá, en todo caso, os informes e autorizacións previstos no artigo 50.2. a), b) e c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Ningunha das partes poderá ceder a un terceiro os dereitos e obrigas adquiridas en virtude do presente convenio, salvo expresa autorización por escrito da outra parte do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- Causas de extinción e efectos da resolución.

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución, nos termos previstos no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se acordase a prórroga do convenio.
- b) O mutuo acordo das partes.
- c) O incumprimento, total ou parcial, das obrigas e compromisos asumidos polos asinantes. Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se considerasen incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o efectuase notificará a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SÉTIMA.- Natureza e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa quedando sometido ao réxime xurídico dos convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



As discrepancias xurdidas sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, resolveranse pola Comisión Mixta de Seguimento regulada no mesmo. Se non se chegara a un acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade coas anteriores estipulacións, ambas partes asinan por triplicado e a un só efecto o presente convenio na data indicada no encabezamento.

Pola Consellería de Presidencia. Xustiza e Deportes	Pola Consellería de Sanidade	Pola Fundación Galega contra o Narcotráfico
Diego Calvo Pouso	Antonio Gómez Caamaño	Manuel Couceiro Cachaldora



ANEXO I

1. *Obxectivo:*

Promover dende o deporte de base unha maior sensibilización social sobre a necesidade dun uso saudable das pantallas na infancia e na adolescencia, facilitando pautas e recursos á mocidade para unha utilización equilibrada e racional das novas tecnoloxías da comunicación e das relacións; instando ás familias e á comunidade a tomar conciencia e exercer un papel máis activo ao respecto.

O programa Adestrar sen Pantallas pivota en torno a tres eixos fundamentais que serán abordados nos seus contidos e nas sesións con familias, adestradores e deportistas:

- 1.-**Competencias** emocionais e relacionais
- 2.-**Riscos** disfuncionais e relacionais asociados ao uso abusivo de pantallas
- 3.-**Estratexias** para a **promoción do benestar dixital**

2. *Plan de traballo*

Proponse un Plan Piloto de Implantación en catro localidades con tres deportes cada unha.

-**Áreas xeográficas: 4 localidades**

A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Cambados e Ribeira.

-**Deportes: 3** Baloncesto, Fútbol e Ximnasia, que poderán variar en función dos deportes máis practicados en cada localidade. En todo caso sempre tendo como referente o enfoque de xénero.

Selección de 3 clubs por concello (Fútbol, Baloncesto e Ximnasia)

-**Idades:** deportistas 12 e 13 anos, categoría infantil, que pode variar en función do deporte. Idade na que gran parte deles van recibir un teléfono móbil como agasallo.

-**Beneficiarios:** A determinar en función dos territorios e deportes seleccionados. Beneficiarios directos: estimados en torno a 500 mozos/as, practicantes dos citados deportes nas citadas idades. (estimación de 500 persoas, pertencentes a 12 clubs dos 4 concellos)
Beneficiarios indirectos (deportistas, pais/nais, irmáns, adestradores/as): 3.000 persoas.

A partir da celebración da xornada inicial -que como xa se indicou é o punto de partida- o



desenvolvemento do programa está deseñado en 5 fases.

Fase 1 (meses 1 e 2)

- Definición de obxectivos, beneficiarios, deportes, clubs e entidades colaboradoras
- Selección de colaboradores. Contactos institucionais
- Deseño do programa, metodoloxía, elaboración documento presentación do programa
- Plan de lanzamento do proxecto (promoción, soportes gráficos, merchandising, entrevistas, web, redes sociais)
- Presentacións institucionais (5)

1 acto público en sede Xunta de Galicia + 4 presentacións locais nas localidades seleccionadas cos clubs e deportistas locais.

Fase 2 (mes 3)

- Contacto cos clubs deportivos e presentación do programa a federacións, clubs e adestradores/as
- Edición de recursos e materiais: Caderno do Adestrador e Guía para Familias.

Fase 3 (mes 4-5)

- Sesións de presentación do programa ás familias. Información/sensibilización. 1 sesión/localidade. 4 sesións
- Formación de adestradores/as. Ciclo de obradoiros de formación dirixidos a monitores e adestradores. 2 sesións de 3h e soporte online. 6 h de formación, acreditada a través da colaboración prevista na cláusula terceira, para adestradores/as dos 3 deportes. As sesións formativas dos adestradores poderán agruparse segundo criterios organizativos.

Fase 4 (meses 5,6,7 e 8)

- Impartición do programa por parte dos adestradores/as dos clubs e áreas seleccionadas en diversos momentos e circunstancias ao longo da tempada deportiva. 8 sesións.

8 sesións: 1 avaliación pre-test cos deportistas/6 intervencións/ 1 avaliación post-test

Tempos estimados de impartición: nun cuatrimestre, 1 sesión cada 15 días de duración. 30 minutos ao inicio do adestramento.



· Monitorización e acompañamento aos adestradores/as nas sesións iniciais

Fase 5 (meses 9 e 10)

Recollida de datos, enquisas e avaliación post test de resultados

- Avaliación integral do proxecto, incorporando datos dos clubs, familias e indicadores a diferentes niveis (cobertura, coñecemento, satisfacción, percepcións, casos de detectados precozmente...)
- Memoria do programa
- Presentación pública dos resultados e impacto do proxecto

Igual que no inicio, 1 presentación global de resultados e impacto (Xunta) e 4 presentacións locais (concellos)

Sesións do Programa: 11 sesións por localidade. 6 sesións de impartición do programa, 2 sesións de avaliación (pre y post test), 1 sesión de información Familias, 2 sesións de formación acreditada a adestradores/as (total 6h). As sesións con adestradores/as poderán agruparse en función de criterios organizativos, garantindo en todo caso a realización de 6h de formación acreditada a través da colaboración prevista na cláusula terceira.

Entregables:

Fase 1: Cartel e Tríptico presentación do proxecto (definición, obxectivos, beneficiarios, cronograma)

Fase 2: Caderno de Adestradores e Guía para as Familias

Fase 3: Formación de adestradores/as e presentación ás Familias

Fase 4: Impartición do programa Adestrar sen Pantallas

Fase 5: Memoria do Programa

3. Medios materiais e humanos

Medios humanos

· Equipo técnico: 8 persoas

1 coordinador xeral.

1 coordinador técnico.

2 técnicos para deseño/elaboración e avaliación do programa



4 técnicos de formación

·Adestradores/as: entre 12 e 16 adestradores/as como axentes de saúde colaboradores

Medios materiais

·Os que conforman o programa: Caderno do Adestrador, Guía para as Familias, Documento de presentación, páxina web/redes sociais.

·Instalacións/equipamento propios da FGCN, e colaboración da Secretaría xeral para o Deporte e Consellería de Sanidade.

·Instalacións propias de clubs e instalacións municipais



ORZAMENTO

A) Elaboración e deseño do Programa. Material didáctico 6.500,00.-eur

Custo fixo, independente do número de deportes e áreas de implantación

- Guía do adestrador/a
- Unidade para Familias
- Material didáctico
- Materiais de apoio e merchandising

B) Entorno web/RRSS (elaboración/deseño): 1.000,00.-eur

C) Edición e impresión materiais: 860,00.-eur

Estimado para 12 adestradores participantes e 500 deportistas

D) Realización íntegra do Programa: 11.840,00.-eur

- Desarrollo das 5 fases do programa
 - 3 modalidades deportivas. 12-16 adestradores/as.
500 deportistas.3.000 beneficiarios
 - Áreas de A Estrada, Vilagarcía, Cambados, Ribeira.
 - Total 4 técnicos de formación
 - Coordinación e desenvolvemento total do programa nas áreas e deportes seleccionados.
 - Subtotal por localidade: 2.960,00 .-eur
- Inclúe gastos de persoal e desprazamentos
- Subtotal 4 localidades: 11.840,00.-eur

E) Coordinación e xestión: 2.000,00.-eur

Elaboración e Deseño do programa e os seus elementos
Implantación piloto 3 deportes, 4 localidades de implantación
Sesións do Programa: 11 sesións por localidade.
Total programa piloto. 44 sesións

TOTAL ORZAMENTO PLAN PILOTO: 22.200,00.-Eur



Detalle Gastos de Persoal: 17.200,00.-eur

• **Técnicos Deseño do programa: 6.000,00 eur**

• **Técnicos Implantación do programa: 9.200,00.-eur**

Por cada localidade: 2.300,00.-eur

-Formación: 1.200,00 eur

-Apoio/seguimento/asistencia nos clubs: 1.100,00.-eur

Subtotal 4 localidades: 9.200,00.-eur

1 coordinador xeral + 1 coordinador técnico: 2.000,00.-eur

Gastos de desprazamento: 2.640.-eur

Principalmente con motivo das distintas formacións a impartir nas distintas localidades aos adestradores participantes.

6 sesións de formación

2 sesións de avaliación pre e pos test

4 sesións de presentación ás Familias

11 visitas a clubs de apoio/seguimento

10 presentacións: 5 ao inicio (1 global + 4 locais) e 5 ao final de programa (1 global + 4 locais)

Subtotal Desprazamentos: 2.640,00.-eur

